

BORRADOR DA ACTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS, DIRIXIDAS ÁS COMUNIDADES DE PROPIETARIOS/AS DE EDIFICIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS PROMOVIDAS POLO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, CO OBXECTO DE REALIZAR ACTUACIÓNS DE MELLORA ENERXÉTICA, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.

LUGAR: Sala de xuntas do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)

Santiago de Compostela

DATA: 30 de xullo de 2019

HORA DE COMEZO: 12:00 h

ASISTENTES

- M^a Ángeles Domínguez Franjo, secretaria xeral do IGVS, presidenta da comisión
- Ricardo Valencia Hentschel, director técnico de Solo, Edificación e Calidade, secretario e vogal
- M^a José Paniagua Mateos, xefa do Servizo de Calidade, vogal
- Susana Orgaz López, xefa da Oficina Técnica, vogal
- Susana Vázquez Romero, xefa de Área da Coruña, vogal
- M^a Mar Gómez Pardo, xefa de Área de Lugo, vogal
- Consuelo Fernández Sueiro, xefa de Área de Ourense, vogal
- María Martínez Allegue, xefa de Área de Pontevedra, vogal

ORDE DO DÍA

I. Informe de valoración das solicitudes de axudas e proposta de aprobación de comunidades beneficiarias.

Presentáronse a esta convocatoria un total de 3 solicitudes, das que unha delas corresponde á provincia Lugo, outra a Ourense e outra a Pontevedra.

A solicitude que se presentou da provincia de Lugo foi presentada no rexistro con data 02/07/2019 de xeito presencial e tivo entrada xunto coa documentación correspondente o día 05/07/2019.

Na provincia de Ourense presentase unha solicitude de xeito electrónico con data 01/07/2019. O xefe de sección de Administración e Patrimonio da Area provincial de Ourense do IGVS emite informe con data 02/07/2019 no que fai constar que a data de cualificación definitiva do edificio é do 03/12/1992, polo que fai mais de 25 anos dende a mesma.



Na provincia de Pontevedra presentase unha solicitude electrónica con data 27/06/2019. Solicitase informe a xefa de sección Patrimonial da area provincial do IGVS no que suscribe con data 1/07/2019 que non se trata dun edificio de promoción pública.

2. Resolucións

De acordo co punto oitavo da resolución de axudas do 11 de abril de 2019 (DOG 30/04/2019), o ámbito de aplicación destas axudas comprende os edificios de vivendas protexidas promovidas polo IGVS que no momento da presentación da solicitude, non transcorresen mais de vinte e cinco anos da súa cualificación definitiva.

O punto decimo oitavo da mesma resolución establece que a solicitude presentárase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario dispoñible na sede (VI420B).

O prazo de presentación das solicitudes é de dous meses dende o día seguinte a publicación no DOG da resolución de axudas, polo que o prazo remata o 1/07/2019.

Po todo o anterior, as tres solicitudes presentadas serán inadmitidas.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión e se redacta esta acta con data 30/07/2019.

Asinan a presente acta o secretario da comisión co visto e prace da Presidenta.

ANEXO I: Solicitudes presentadas



SOLICITUDES C.P. PRESENTADAS

ANEXO I. SOLICITUDES PRESENTADAS NA CONVOCATORIA 2019 DE SUBVENCIONS VPP

EXPEDIENTE	CONCELLO	DIRECCIÓN	CIF	DATA Cualif	OBRA	VPP	SITUACIÓN solicitud	OBSERVACIÓNS	EFICIENCIA ENERXÉTICA	INFORMES
LUGO										
2019VI420B270001	LUGO	Valle Inclán 88	H27180074		Mellora enerxética	SI	Non admitida	Denegar polo artigo 18,		
OURENSE										
2019VI420B320001	OURENSE	Praza 1000, número 6	H32170292	03/12/1992	Mellora enerxética	SI	Non admitida	Denegar polo artigo 8		
PONTEVEDRA										
2019VI420B360001	VIGO	Menéndez Pelayo, 26	H36706414	-	Mellora habitabilidade / Mellora enerxética	NO	Non admitida	Denegar polo artigo 8		

